

DIANA MERA (A Cañiza, 1979)

Actriz, creadora e directora escénica. Titulada superior en Arte Dramática pola ESAD de Galicia (especialidade de Dirección de escena e dramaturxia) e diplomada en Educación Primaria, cun Máster en Artes Escénicas pola Universidade de Vigo e un diploma en Interpretación pola Escola de Teatro Santart (dous anos intensivos).

No 2016 recibe, xunto con Merche Pérez e Teté García, o premio María Casares ao mellor texto orixinal polo espectáculo *30 e tantos ósos*.

Desde o 2003 ata o 2012, participa como actriz en diversas montaxes na Compañía Arela das Artes da que foi fundadora xunto con Marta Pérez, con traballos dirixidos por Roberto Cordovani, Charo Amador ou Carlos Álvarez-Ossorio.

A partir do 2009 comeza a dirixir os seus espectáculos nos que tamén actúa: *Degoiro* de Sarah Kane, *69*, *Muller nº9*, *30 e tantos ósos* e *6 cubos negros en corpo branco*. Os catro últimos de creación propia, nunha liña posdramática na procura dunha ética e estética persoais. É auxiliar de dirección en *El Cuello de la Jirafa* de Matarile Teatro no 2015. Encárgase da dirección do espectáculo familiar *Os reloxos preguiceiros de Néboa* no 2016, sendo unha das actrices do elenco, e dirixe *Todo Sobre Eva* de Xandra Táboas, premio Abrente ex aequo, estreada no 2017 na MIT de Ribadavia.

Participa en dous traballos performativos presentados na ESAD de Galicia e no Conservatorio Superior de Vigo e dirixe *Azag. Escena deserta*, con motivo da fundación da revista de artes escénicas Núa da que é co-fundadora xunto con Julio Fernández.

No campo audiovisual, participou como actriz na serie web *Interfecto* e na longametraxe *Olhares de Perfl* de ArsA Crastinum.

Para ampliar a súa técnica corporal e vocal realizou numerosos cursos de voz, danza, clown e dirección; destacando o máster de Comedia dell'arte con Ferruccio Merisi e Claudia Contin en Pordenone, Italia, durante un mes intensivo. Formou parte do grupo de creación dirixido por Lagartijas tiradas al sol na 2ª edición de Escenas do Cambio xunto con Areta Bolado, Tito Asorey e Carolina Fernández.

Actualmente, compaxina o seu labor docente, impartindo clase nas aulas municipais de teatro de A Cañiza e O Carballiño, co seu traballo creativo nas artes escénicas dentro da súa compañía Aporía Escénica, creada no 2014.